

XORNADAS GASTRONÓMICAS FRANCESAS

Día: 15 de abril

Hora: 12.30-12.50 horas

Lugar: Biblioteca e corredor

O Departamento de francés do IES do Milladoiro organiza unhas Xornadas gastronómicas ás que invita a participar a todo o centro.

Desenvolvemento da actividade:

1.- O alumnado deberá escoller unha receita en francés; as receitas serán facilitadas xunto coa súa correspondente tradución (para o alumnado ou profesorado que o precise) polas profesoras de francés. Tamén as poderán buscar en internet.

2.- A receita será posta en práctica na casa o día anterior, é dicir, o 14 de abril, en grupos de dúas a tres persoas. Excepcionalmente os grupos poderán estar formados por máis persoas e admítase a participación individual.

3.- O día 15 de abril encargáronos de colocar os pratos na biblioteca á primeira hora da mañá para seren expostos e valorados polo Xurado.

Nota: Cada prato debe vir acompañado dunha ficha en francés (en cartulina tamaño medio folio) na que apareza: nome da receita, algunha información como preparación, tempos etc. así como os ingredientes. Todo o anterior debe estar **en francés**. Pola parte de atrás aparecerá o nome do instituto e o nome dos alumnos e alumnas que a elaboraron. Pódese ilustrar a ficha con bandeiras de Francia e colorear.

Ao longo da mañá, o xurado, formado por profesorado e persoal non docente, seleccionará os mellores pratos do alumnado, segundo as diferentes categorías con dereito a premio.

Un xurado composto por alumnos e alumnas xulgará os pratos presentados polo profesorado.

Cociña francesa ou francófona

A. Pratos elaborados polo profesorado

B.-Pratos elaborados polo alumnado. Neste apartado haberá dous premios:

1º premio dotado con **25 €**

2º premio **15 €**

Cociñas do mundo

C.- Pratos elaborados polo alumnado procedente doutros países.

Neste apartado haberá un único premio de **10 €**. Tanto nas categorías B coma C os premios consistirán en cheques canxeables por libros ou material escolar.